

REUNIÓN CO CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E COA DIRECTORA XERAL DE SAÚDE PÚBLICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA – 2 DE NOVEMBRO DE 2020

O pasado día 2 de novembro de 2020 tivo lugar, no Hall dos Tirantes da Cidade da Cultura de Santiago de Compostela, unha reunión do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e a Directora Xeral de Saúde Pública cos dous representantes de cada organización sindical con presenza na Mesa Sectorial de Educación. Dita reunión respondía á petición unánime feita desde ditas as Organizacións Sindicais á Consellería para abordar as cuestións relativas á situación derivada da pandemia pola COVID-19 no inicio do presente curso escolar. Por parte da Administración Educativa asistiron tamén o Director Xeral de Centros e Recursos Humanos e Don José Luis Canosa Baldomir.

A reunión comeza pasadas as 17:00 horas cunha intervención inicial do Sr. Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade que comparte coas Organizacións Sindicais unha serie de datos estatísticos relativos á situación actual da pandemia nos centros educativos da nosa Comunidade Autónoma. En concreto informa da existencia, a data do venres 30 de outubro, dun total de 1.086 casos positivos, 51 aulas pechadas e dúas escolas infantís pechadas. Segundo informa, na maioría dos casos (preto dun 90%) soamente hai un caso ou dous por centro educativo o que, ao seu xuízo, fala ben da actuación en xeral da comunidade educativa e é un indicador, segundo a súa opinión, de que os centros educativos non están a ser, con carácter xeral, centros de difusión do virus senón máis ben centros de contención de control e que os contaxios son exportados doutras actividades de carácter social alleas ás actividades dos centros educativos. Informa de que está en permanente comunicación cos equipos directivos da maioría dos centros educativos que lle están a transmitir a mesma idea de que os casos de contaxios que se producen nos seus centros teñen a súa orixe no ámbito social externo ao centro. Para o Conselleiro isto indica que as normas e os protocolos establecidos e, que se teñen readaptado en sucesivas ocasións, a principios do curso actual están a funcionar de xeito correcto e que a totalidade da comunidade educativa está dando exemplo de responsabilidade, esforzo e traballo por parte de todos (alumnado, docentes, persoal non docente e familias).

Considera tamén o Conselleiro que é certo que nas últimas semanas produciuse un aumento considerable dos casos activos tanto dentro do entorno educativo como na sociedade en xeral. De feito, considera que o aumento de casos no ámbito educativo son proporcionais ao aumento de casos no conxunto da sociedade polo que, segundo el, non podemos pensar que hai un aumento desproporcionado ou anómalo no sector educativo en comparación co incremento xeral. Con todo opina que a situación é complexa e que nos obriga a estar previdos e en alerta. Informa de que no ámbito educativo, agora mesmo estamos no 0,26% aproximadamente de poboación educativa afectada, de maneira proporcional e paralela ao número de afectados na poboación xeral e que se atopa no 0,35%. Considera, por tanto, o Conselleiro que o ámbito educativo é seguro xa que nos atopamos por debaixo da porcentaxe xeral da poboación. Alaba o exemplo e o traballo e sobreesforzo que se está a facer desde os centros educativos. O Conselleiro tamén se lamenta de que non haxa datos comparativos con outras Comunidades Autónomas pese a que desde o goberno autonómico foron demandados

ao Goberno Central. Os poucos datos que hai son antigos pero, en relación por exemplo ao número de aulas pechadas, sitúan a Galicia moito mellor que outras comunidades.

No relativo ás medidas implantadas o Conselleiro fala de medidas non pechadas e dinámicas que se teñen que ir adoptando en función da evolución da pandemia. Fai un breve resumo das medidas adoptadas pola Consellería de Educación (protocolo base publicado o 31 de agosto e que foi modificado posteriormente en diferentes ocasións, coordinación coa Consellería de Sanidade a través da plataforma Educovid, creación dun comité técnico que traballa de xeito coordinado co comité clínico, plan de continxencia de formación presencial e semipresencial, defensa da ventilación natural dos centros educativos, presentación (no mesmo día da reunión) dun plan de ensino virtual (e neste punto o responsable da Administración educativa matiza que isto non quere dicir que se estea a barallar a idea do peche de centros educativos), protocolo de actividades extraescolares no que se está a traballar. Tamén informa de que, nos vindeiros días, enviáranse unha remesa de máscaras de protección aos centros educativos para o profesorado e que se está a traballar en compra centralizada das mesmas.

Despois de case unha hora de intervención remata o Conselleiro de Educación amosando o seu orgullo polo traballo levado a cabo polo profesorado, os centros educativos e a comunidade educativa en xeral.

Unha vez rematada a intervención por parte de Román Rodríguez ábrese unha rolda de intervencións por parte das organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial.

Na intervención por parte de ANPE Galicia comezamos agradecendo a presenza do Conselleiro e da Directora Xeral de Saúde Pública e amosando a nosa disposición a colaborar coa Consellería de Educación para buscar solucións en tempos complicados. É o momento de traballar e xa chegará o momento para facer as críticas oportunas. Agora é o momento de atopar solucións concretas ás distintas problemáticas que se están a producir nos centros educativos e que é precisamente o que nos están a demandar. De todos os xeitos desde ANPE Galicia non queremos deixar pasar a ocasión de incidir na petición dunha serie de medidas que o Goberno autonómico non acometeu e que para nós son fundamentais para minimizar o impacto da crise sanitaria no sistema educativo galego. Desde o pasado mes de marzo tívose tempo máis que suficiente para abordar con profundidade e coa colaboración de todos os axentes implicados na comunidade educativa medidas efectivas e que contasen co consenso de todos e todas. Sen embargo, a comunidade educativa ten, en xeral, a percepción de que a Administración educativa a ten completamente abandonada e que, desde o comezo da crise sanitaria, está a actuar de xeito improvisado e errático. Xa a finais do curso pasado ANPE Galicia presentou unha serie de medidas que consideramos fundamentais para garantir ao máximo posible, sendo sempre conscientes de que no pode existir o risco cero nos centros educativos igual que non pode existir actualmente na sociedade en xeral, a seguridade de toda a comunidade educativa. Ditas medidas reclamadas por ANPE Galicia caeron en saco roto e aproveitamos a ocasión que esta reunión nos presentou para volver a demandarllas ao máximo representante educativo da nosa Comunidade. Estamos a falar da redución das rateos como media principal, a dotación de máis recursos tanto humanos como materiais e medidas específicas para a etapa de infantil, primaria e certas especialidades de Formación Profesional onde non se pode garantir a distancia de seguridade. Agora, máis que nunca cobra máis sentido se cabe a campaña iniciada por ANPE tanto a nivel estatal como a nivel autonómico para implantar nos centros educativos a figura da Enfermería Escolar. A situación pandémica

actual fai máis necesaria que nunca esta figura e, neste sentido, solicitamos as autoridades educativas e sanitarias que asistiron á reunión que reconsiderasen a creación da mesma.

Tamén demandamos nesta reunión a elaboración dun estudio detallado e pormenorizado das alternativas efectivas e seguras á ventilación natural das aulas como medida de seguridade. Somos conscientes de que a ventilación natural é, no momento actual, considerada a medida máis efectiva para evitar a propagación do virus en espazos pechados pero a Administración Educativa debe ter en conta que nos aproximamos a situacións climatologicamente adversas na nosa Comunidade coa proximidade do inverno e deben valorarse e estudarse medidas de ventilación artificial complementarias á ventilación natural e que minimicen ao máximo posible as repercusións da ventilación natural no alumnado e no profesorado. Desde o mes de marzo pasado houbo tempo máis que suficiente para abordar todo este tipo de cuestións e non se fixo axeitadamente pese ás demandas tanto de ANPE Galicia en particular como da comunidade educativa en xeral. Non entendemos tampouco a urxencia dos 7 días para preparar as aulas virtuais dos centros educativos e blindar así o sistema educativo fronte a posibles confinamentos ou peches xeneralizados de aulas ou centros educativos. No seu día ANPE Galicia solicitou a esta Administración Educativa e por escrito, a regulación normativa e organizativa dun marco para o teletraballo e a docencia telemática precisamente para afrontar o peor escenario posible. Recordamos que ANPE Galicia propuxo un protocolo de actuación ante a COVID-19 baseado en tres posibles escenarios: un escenario de baixo risco, un escenario de risco medio e un escenario de confinamento ou peche de aulas que obrigase ao ensino telemático. En dito escenario deberían vir xa contempladas no seu momento as medidas que agora, con tanta urxencia, se demandan aos centros educativos e que van a supoñer, desde o noso punto de vista un aumento e unha sobrecarga aínda maior da que xa contan na actualidade, para os equipos directivos e os equipos COVID dos nosos centros. En calquera caso é imprescindible un aumento de recursos materiais (tablets, ordenadores, conexións á rede, etc) que garantan a universalidade do ensino no caso de ter que recorrer finalmente ao ensino non presencial. Vaia sempre por diante que ANPE Galicia defende, e sempre o fará, un ensino 100% presencial. En este senso, e en relación ao Plan de ensino non presencial presentado no mesmo día da reunión, denunciar que non se nos tivese informado previamente ás organizacións sindicais da Mesa Sectorial. En todo caso demandamos que a orde ou ordes que regulen este plan sexan levadas para a súa negociación no marco da Mesa. Tampouco vemos viable as “aulas espellos” (sobre todo en etapas de infantil e primaria onde non nos parece realista que se “obrigue” a este alumnado a permanecer 5 horas diarias sentados diante dun ordenador ou calquera outro dispositivo) e a implicación que isto pode ter no horario “espello” do profesorado. É certo que o plan acaba de presentarse e non tivemos tempo suficiente para facer un estudo pormenorizado das medidas contempladas pero si que xa nos chegaron críticas por parte dos centros educativos polo que manifestamos á Consellería que debe facerse sen presas e de xeito detallado e en profundidade.

Outra cuestión que en ANPE Galicia nos preocupa especialmente é a situación do profesorado vulnerable. Non é normal que transcorridos dous meses de curso académico este tipo de profesorado estea aínda nos centros educativos sen unha valoración do seu risco. É urxente desatranca a situación. Pensamos que hai un déficit de persoal de prevención de riscos para facer as valoracións do profesorado que é o que parece que é o único que legalmente pode facer dita valoración. A situación non pode quedar atrancada nas inspeccións educativas que ata o de agora se limitan a dar unha resposta estandarizada sen entrar en valoración de

informes médicos. Por outro lado hai que ter en conta tamén que hai diferencias entre as clasificacións do nivel de risco entre a Consellería de Sanidade e o Ministerio de Sanidade. En calquera caso debe darse unha solución inmediata ao tema no caso das profesoras embarazadas. A Administración, neste punto, nos resposta que teñen unhas 600 solicitudes entre docentes e non docentes. En principio a cualificación de partida, segundo as instrucións do Ministerio de Traballo, establece que todos os docentes son NR1. A avaliación inicialmente ía facela a inspección médica pero pasouse a Cualtis xa que contan con persoal médico especialista en medicina do traballo máis axeitado para facer esta valoración. Ante esta resposta, en ANPE Galicia consideramos que non é certo que todo o profesorado vulnerable sexa NR1. NR1 pode ser o profesorado xeral pero o profesorado vulnerable debe ter unha valoración dos técnicos de prevención de riscos e na maior parte dos casos é mínimo NR2. A Administración insiste en que, inicialmente os docentes son NR1 pero que, en función do noso posto de traballo, pódennos clasificar como especialmente sensible e propoñer adecuación do noso posto e iso é o que está a facer Cualtis. En calquera caso, desde ANPE Galicia demandamos que se dea unha resposta áxil e rápida que permita que o profesorado vulnerable non teña que acudir aos centros educativos vendo así incrementado o seu risco persoal.

Como indicamos anteriormente, ANPE Galicia aposta por un ensino 100% presencial pero con garantías sanitarias e protocolos de actuación claros e unificados entre Sanidade e Educación. No momento actual, para ANPE Galicia existe falta de coordinación entre administracións (a Consellería de Educación ten colgado un protocolo de actuación e a de Sanidade ten outra versión na súa web). Non hai información clara de como debe actuar o profesorado ante sospeitas de casos ou casos confirmados xa que hai información dispar. Desde ANPE Galicia demandamos nesta reunión información clara e coordinada. A Administración, con relación a este punto, informa de que na vindeira semana vaise a producir unha unificación de protocolos entre ambas administracións.

Con respecto ao tema de dotación de material de protección desde ANPE Galicia consideramos positivo que se centralice toda a compra de material pero demandamos que se emitan instrucións claras aos centros educativos xa que temos detectado casos nos que, desde a dirección dos centros, se informa de que son para o alumnado, outros que dan un sobre de material, outros dous, etc. Debe actuarse de forma clara e única e os centros deben ter instrucións claras de que facer co material.

En ANPE Galicia alertamos tamén nesta reunión do problema que pode xurdir na xestión das listas de substitucións do profesorado xa que se están abrindo listas en todas as Comunidades o que pode xerar que non atopemos profesorado para cubrir as vacantes na nosa Comunidade e teñamos que recorrer a un amplo número de aspirantes sen formación pedagóxica.

Tamén consideramos que non se pode producir a situación de finais do curso pasado onde se adiaron convocatorias (CFR. CAFI, asesorías, convenios, etc). Debe planificarse con tempo a xestión e a adecuación deste tipo de convocatorias á situación actual para que non teñan que cubrirse de xeito excepcional se non polas vías ordinarias legalmente establecidas para iso. A Administración resposta que este ano faranse as convocatorias oportunas coas modificacións que faga falta.

Desde ANPE Galicia rematamos a nosa intervención reclamando novamente a creación da figura da Enfermería Escolar sumamente importante sempre pero máis aínda na situación de pandemia actual. Tamén demandamos máis medidas específicas para o profesorado de Educación Primaria e denunciemos o retraso do comezo das actividades lectivas en Ensinanzas Especiais e a falta de dotación de profesorado para a realización das probas libras no caso de EOI ou probas nos Conservatorios.

Tras a intervención das Organizacións Sindicais tomou a palabra a Directora Xeral de Saúde Pública que pasou a explicar as dificultades de actuación no caso de detectar un caso positivo en relación coa determinación dos contactos estreitos deste. Neste sentido informou de que ante a aparición na comunidade educativa dun caso con síntomas compatibles coa COVID-19 o protocolo establece a realización dunha proba PCR e o illamento de dita persoa en tanto en canto no se teña o resultado da mesma. No caso de confirmarse o caso positivo iso obriga a iniciar un amplo estudo de cada situación particular para tratar de determinar os contactos estreitos de dito caso, en que circunstancias se teñen producido (con máscara, sen máscara, habitual, esporádico, etc). Iso fai que, en ocasións, ante casos aparentemente similares se adopten decisións de corentena ou non corentena diferentes ou que mesmo dentro dunha mesma familia se estableza corentena para uns membros e non para outros. En ningún caso existe disparidade de actuacións no sentido de que cada caso é particular e conta cunha estudo detallado detrás. Finaliza manifestando que desde as autoridades sanitarias son especialmente sensibles cos casos producidos no ámbito educativo xa que consideran que non é un caso ao uso e que se a comunidade educativa está a percibir falta de coordinación ou disparidade ou falta de información é porque algo non deben estar facendo ben e recibe con espírito crítico a información que lle trasladamos que agarda lles sirva para mellorar.

Remata a reunión, en torno ás 20:00 horas tomando a palabra tanto o Director Xeral de Centros e Recursos Humanos como D. José Luis Canosa para matizar algunha cuestión comentada polas Organizacións Sindicais e despide a reunión o Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade agradecendo a presenza das Organizacións Sindicais e convidando a todos os axentes a traballar na mesma dirección para afrontar a situación complexa derivada da crise sanitaria que estamos a vivir.